

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 22 de abril de 2020 ratificou o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

PROXECTO DE REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA CLÁSICA, FRANCESA E ITALIANA

(Aprobado en Consello do Departamento: 03/12/19)

(Ratificado polo Consello de Goberno: 22 /04/20)

TÍTULO PRELIMINAR

TÍTULO I. FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO

TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

TÍTULO III. DA DOCENCIA

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN

TÍTULO V. DO REXIME ECONOMICO

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

REGULAMENTO DE REXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO

DE FILOLOXÍA CLÁSICA, FRANCESA E ITALIANA

TÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1. Lexislación

O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana, rexerese polo presente Regulamento no marco do sinalado na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, pola Lei 6/2013, de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia, polo disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a demais normativa xeral que lle sexa da aplicación.

ARTIGO 2. Definición e denominación

O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e do apoio da investigación nos ámbitos do coñecemento en Filoloxía Francesa, Grega, Italiana, Latina e Lingüística Indoeuropea da Universidade de Santiago de Compostela.

ARTIGO 3. Adscrición e sede

1. O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana estará adscrito á Facultade de Filoloxía, na que está igualmente emprazada a sede do Departamento.

ARTIGO 4. Lingua

A lingua galega é a lingua propia da USC. O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana promoverá accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

ARTIGO 5. Igualdade de xénero

O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana asume como principio inspirador de todas as súas actuacións a igualdade de tratamento e oportunidades entre mulleres e homes de conformidade co «Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes» aprobado polo Consello de goberno da USC.

TÍTULO I

ESTRUCTURA E FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 6. Órganos do Departamento

Son órganos de dirección do Departamento:

- a) O Consello do Departamento
- b) O Director ou Directora
- c) O Secretario ou secretaria

ARTIGO 7. Funcións

De conformidade co artigo 49 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela son funcións do Departamento:

- a) A programación, desenvolvemento e seguimento:
 - Das ensinanzas asignadas ao ámbito de coñecemento das súas competencias, de acordo coas previsións dos plans de estudos, así como cos criterios dos plans de estudos, do mesmo xeito cos criterios xerais emanados da universidade e cos criterios específicos emanados dos centros nos que se imparte docencia.
 - Os cursos de posgrao propio, de especialización e de formación continua.
- b) O apoio ás iniciativas e actividades docentes e investigadoras do seu persoal docente e investigador, individualmente ou formando parte de grupos de investigación.
- c) O rexistro actualizado da produción científica e da actividade investigadora do Departamento.
- d) A formación do persoal docente e investigador da universidade.
- e) A iniciativa ou, no seu defecto, o informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros da comisión encargada de resolver os concursos.
- f) Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.

TITULO II

DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

CAPITULO I

DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 8. O Consello do Departamento

O Consello é o órgano colexiado de goberno do Departamento.

ARTIGO 9. Composición do Consello

1. O Consello do Departamento, presidido polo seu Director/a e no que actuará como Secretario/a do Departamento, estará composto polos seguintes membros, segundo o establecido no acordo da Comisión de Desenvolvemento Estatutario adoptado no Claustro do 22 de decembro de 2016:

a) Os doutores membros do Departamento, polo que se entenderá as seguintes figuras:

a.1) O persoal funcionario dos corpos docentes universitarios (Art. 47 da LOU).

a.2) Profesorado de Substitución doutor (Art. 48. 1. da LOU).

a.3) O profesorado emérito (Art. 48. 1. da LOU).

a.4) O persoal docente e investigador doutor contratado en réxime laboral, a través das modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario que se regulan na LOU: Profesor Axudante Doutor, Profesor Contratado Doutor, Profesor Asociado e Profesor Visitante (Art. 48. 2.).

a.5) O persoal investigador contratado conforme ó previsto nos Artigos 22 e 23 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación que teñan asignadas tarefas docentes. (Art. 48. 3bis LOU)

a.6) Os funcionarios dos corpos de profesores titulares de escola universitaria.

a.7) O profesorado colaborador.

b) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do Departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello do Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá a estudantado de grao e máster e o 15% ao estudantado de doutoramento.

c) Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Cando a natureza dos asuntos o requira, o Director/a do Departamento, por propia iniciativa ou a instancia dun terzo dos membros do Consello, poderá convocar a calquera membro da comunidade universitaria con voz pero sen voto.
3. As eleccións a membros do Consello do Departamento faranse conforme o disposto no Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.
4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano; a condición de membro do Consello perderase ao cesar a vinculación co Departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.
5. A asistencia ás reunións do Consello constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan a dita asistencia.

ARTIGO 10. Competencias do Consello do Departamento

Corresponderalle ao Consello do Departamento:

- a) A elección do Director/a e, de ser o caso, a proposta ao Reitor ou Reitora da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros do Consello do Departamento.
- b) A planificación docente das materias das que sexa responsable o Departamento, así como a aprobación dos respectivos programas e sistemas de avaliación, a coordinación da actividade docente e a supervisión do seu cumprimento en colaboración cos centros, nos termos establecidos no artigo 49 e dos Estatutos da USC.
- c) O apoio á actividade investigadora, nos termos establecidos no artigo 49, liña b), dos estatutos USC.
- d) A formulación das demandas de persoal docente e investigador, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.

- f) A elaboración e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- g) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- h) A promoción do perfeccionamento da docencia.
- i) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte á lexislación vixente e estes Estatutos.
- k) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudiantado.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos ou a lexislación vixente.

ARTIGO 11. Funcionamento

O Consello do Departamento actuará en Pleno ou en comisión.

ARTIGO 12. Convocatorias e sesións

1. O Consello do Departamento reunirse por iniciativa da dirección ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.
2. A convocatoria das sesións ordinarias do Consello será realizada polo Director/a ou por quen legalmente faga as súas funcións, notificándoa aos membros do mesmo cunha antelación mínima de 72 horas. Sen prexuízo doutras formas de publicidade, dita notificación será persoal e remitirse por correo electrónico ao enderezo institucional dos seus membros.
3. As convocatorias ordinarias do Consello do Departamento deberán conter: lugar da reunión, data, hora, en primeira e segunda convocatoria, e orde do día. A orde do día será elaborado polo/a Director /a do Departamento, asistido polo Secretario/a. Deberán incluírse aqueles asuntos que solicite un 25 % dos membros do Consello na primeira reunión ordinaria do órgano que se convoque trala solicitude.

4. O Consello do Departamento reunirse de modo extraordinario convocado polo Director/a por propia iniciativa cando a importancia ou a urxencia dos asunto a tratar así o requira notificándose aos membros cunha antelación mínima de 48 horas. Na orde do día destas sesións extraordinarias non se incluírán os puntos relativos a aprobación das actas, asuntos de trámite, informes ou rogos e preguntas.
5. Axuntárase ás convocatorias toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ou indicárase o lugar onde estará depositada para a súa consulta polos membros do Consello.
6. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
7. O uso da videoconferencia nas reunións do órgano será potestativo cando algúns dos membros do Consello de Departamento estean no campus de Santiago e outros estean no campus de Lugo, agás aquelas nas que o voto sexa secreto.
8. O réxime de funcionamento das comisións do departamento é o mesmo para todas.

ARTIGO 13. Réxime de adopción de acordos

1. O Consello presidirao o Director/a ou quen legalmente o/a substitúa.
2. Para a válida constitución do Consello, será necesaria en primeira convocatoria a asistencia persoal da metade máis un dos seus membros. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o Consello constituirase na segunda convocatoria sempre que estean presentes ó menos 25% dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do Director/a e do Secretario/a ou de quen legalmente os substitúan.
3. As sesións do Consello deberán realizarse de xeito continuado até esgotar a orde do día, agás que iniciada na xornada de mañá deba interromperse para a súa continuación na mesma xornada de tarde.
4. As sesións ordinarias do Consello iniciaranse coa aprobación ou modificación da acta da última sesión ordinaria celebrada, así como das Actas das sesións extraordinarias celebradas dende a última sesión ordinaria do

Consello. Seguidamente, pasarase ó exame, debate e, no seu caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

5. Corresponderá ao Presidente establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde cerrada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, ó menos, un dereito de replica por alusións.

6. Os acordos poderán adoptarse por:

6.1. Asentimento: cando realizada unha proposta polo Presidente esta non suscita obxeccións ou oposición por ningún membro.

6.2. Por votación ordinaria a man alzada ou secreta; será secreta cando se trate da avaliación de persoas concretas ou á solicitude dalgún dos seus membros asistentes. O Secretario/a fará o reconto e de seguido o Presidente fará público o resultado.

7. Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do Consello.

8. As decisións do Consello do Departamento adoptarán a forma de acordos.

9. Para ser válida a adopción de acordos do Consello deberán acadar cando menos a metade máis un dos votos dos membros presentes, agás aqueles acordos para os que a normativa específica esixa outras maiorías.

10. Nas votacións nas que se produza empate o Presidente poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema de que se trate.

11. Os acordos do Consello do Departamento serán susceptibles de ser impugnados en alzada diante do Consello de Goberno da universidade.

ARTIGO 14. Actas do Consello

1. De cada sesión que celebre o Consello do Departamento levantarase acta polo Secretario/a, a que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, á solicitude dos respectivos membros do Consello do Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o senso do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que a aporte no acto, ou no prazo que sinala o Director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar así na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ó texto aprobado.

4. As actas asinadas polo Secretario/a, co visto e prace do Presidente, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior, podendo non obstante emitir o Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se teñan adoptado, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

5. As actas serán encadernadas consonte coas instrucións dadas ao respecto pola secretaria xeral da USC.

ARTIGO 15. Das Áreas de Coñecemento

1. O Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana está composto polas seguintes áreas de coñecemento: Filoloxía Francesa, Filoloxía Grega, Filoloxía Italiana, Filoloxía Latina, e Lingüística Indoeuropea.

2. Para o mellor funcionamento interno do Departamento os membros das distintas áreas manterán reunións periódicas para tratar, debater e resolver todos aqueles asuntos que sexan da súa competencia.

3. Por razóns prácticas e para unha mellor organización, as áreas nomearán coordinadores que se encargarán da convocatoria e o desenvolvemento das reunións que sexan precisas, así como de comunicar, en caso necesario, os acordos tomados nas mesmas.

ARTIGO 16. Comisión Permanente

1. O Consello do Departamento elixirá una Comisión permanente e as comisións delegadas que estime oportunas, determinando as súas competencias e funcións.

2. A Comisión permanente estará composta polos seguintes membros do Consello do Departamento:

a) Membros natos por razón do seu cargo:

- O/A Director/a do Departamento
- O/A Secretario/a do Departamento

b) Membros electos:

- Os/as Coordinadores/as de todas as Áreas que forman o Departamento (Filoloxía Francesa, Filoloxía Grega, Filoloxía Italiana, Filoloxía Latina, e Lingüística Indoeuropea).
- Un representante do estudantado de grao, máster ou doutoramento.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

2. Os membros da Comisión permanente que non o sexan por razón da súa función serán elixidos polos sectores aos que representan.

3. A Comisión permanente será renovada cada vez que haxa eleccións a Director/a, excepto o estudantado que será renovado de acordo coa lexislación vixente.

4. A Comisión permanente reunirse por iniciativa do Director do Departamento ou a pedimento dun terzo dos membros da mesma.

5. Son competencias da Comisión permanente:

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b) Coñecer e adoptar acordos sobre calquera asunto que lle encomende o Consello do Departamento e, non estando reservado expresamente ao Consello.
- c) Asesorar todas as cuestións que o Director/a do Departamento lle someta no exercicio das súas competencias.

6. En tanto o Consello non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión permanente, agás as que se mencionan nas letras *a, b, d, e, f, g, i, l* do Artigo 10º deste Regulamento, que establece as competencias do Consello do Departamento e que non poderán ser delegadas.

7. A Comisión permanente constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade dos seus membros e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois aínda que non se indique expresamente na convocatoria, coa presenza dun 25% dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do Director/a e do Secretario/a, ou, no seu caso, dos membros do Consello do Departamento que os substitúan.

8. En todos os demais aspectos referidos ao funcionamento da Comisión permanente seguiranse os criterios previstos neste regulamento para o Consello do Departamento.

9. Calquera membro do Consello do Departamento, previa solicitude razoada dirixida ao Director/a, poderá intervir diante da Comisión permanente en relación con algúns dos asuntos da orde do día, tendo dereito a ser escoitado, sempre e cando se informe ao respecto no inicio da sesión e sexa aceptado pola maioría dos seus membros.

10. Os membros da Comisión permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do Consello do Departamento e, tanto se dimiten como se cesan, ocuparán os postos vacantes os seguintes na lista de candidatos presentados no seu momento. De non existir, procederase á elección do substituto dentro do sector correspondente no prazo de tempo máis breve.

11. As reunións ordinarias da Comisión permanente serán convocadas con alomenos 48 horas de antelación. A convocatoria deberá facerse chegar a través do correo electrónico institucional. As reunións extraordinarias deberán ser convocadas con alomenos 24 horas de antelación.

12. Todos os asuntos que cumpra tratar na Comisión permanente serán previamente notificados aos membros do Consello por correo electrónico.

13. O Director/a do Departamento informará ao Consello na primeira sesión que este celebre, con posterioridade á última celebrada pola Comisión permanente, de todos os actos e acordos da Comisión permanente. ????

ARTIGO 17. Da coordinación de Área e da Titulación

1. Estableceranse aquelas coordinacións que estean previstas na lexislación vixente cos dereitos e obrigas contemplados na mesma, ademais de todas

aquelas que o Departamento considere oportunas para o desenvolvemento das súas funcións.

2. Os coordinadores nomeados polo Departamento permanecerán no desempeño da súa función por un período de 2 anos ao cabo dos cales poñerán a súa función a disposición do Departamento.

3. Deberá haber rotación no exercicio desas funcións e, no caso de que non houbose candidatos voluntarios, procederase a realizar un sorteo público entre todos os membros das áreas que aínda non desempeñaron funcións de coordinación ou os desempeñaron menos veces.

4. As funcións do/a Coordinador/a de Área serán:

- a) Revisar a PDA e coordinar a elaboración do POD, en colaboración cos demais membros da área e do/a Secretario/a do Departamento, para a súa aprobación no Consello de Departamento, previo informe da área.
- b) Propor á dirección do Departamento, de acordo cos criterios aprobados no Consello de Departameneo, as liñas xerais de actuación e do reparto orzamentario anual que corresponda á área de coñecemento.
- c) Comunicar á dirección do Departamento a relación da petición de prazas da área, en función das súas necesidades docentes e dos criterios de desenvolvemento estratéxico previamente establecidos por esta.
- d) Coordinar a docencia da área, atendendo aos problemas e necesidades neste ámbito.
- e) Coñecer e atender as necesidades do persoal docente en formación da área.
- f) Axudar a fomentar a comunicación e difusión das actividades desenvolvidas na área a través dos diferentes medios (páxina web, xornal da USC, etc.).
- g) Informar diante da dirección do Departamento e, no seu caso, do Consello de Departamento, daquelas cuestións, iniciativas e/ou actividades que os membros da área consideren oportunas para o mellor desenvolvemento da área e do Departamento no seu conxunto.
- h) Asesorar e dar apoio á dirección do Departamento en todas aquelas cuestións que atinxan á área de coñecemento en temas de docencia, investigación, xestión, e extensión.
- i) Dar conta á dirección do Departamento de todas as actuacións levadas a cabo no marco das súas funcións.

CAPÍTULO II

O DIRECTOR ou DIRECTORA

ARTIGO 18. O Director ou Directora

1.- O Director/a representa o Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2.- A dirección do Departamento corresponderalle por elección a un dos seus membros, que sexa profesor doutor con vinculación permanente á universidade.

3.- De non se poder levar a cabo o nomeamento do Director/a do Departamento por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do Reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de dirección a un profesor ou profesora do Departamento ou, no seu defecto, doutro Departamento, que teña o título de doutor/ora e vinculación permanente á Universidade de Santiago. Rematado o curso académico, convocaranse eleccións.

4.- O Director/a do Departamento será elixido polo Consello do Departamento, de acordo co Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, e nomearao o Reitor/a.

5.- O cargo de Director/a do Departamento desempeñarase durante catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

6.- O Director/a do Departamento cesará ó remate do seu mandato, por dimisión ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva a petición, como mínimo, dun terzo dos membros do Consello do Departamento e aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello. A presentación da moción incorporará un candidato/a alternativo/a. Se a moción de censura non acadara os votos necesarios, considerarase rexeitada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo curso académico.

7.- Procurarase que, dentro do posible, haxa rotación no desempeño deste cargo entre as distintas áreas que compoñen o Departamento.

8.- En caso de ausencia ou baixa por enfermidade, o Director/a será substituído, con carácter accidental, polo membro do Departamento de maior

categoría e antigüidade que sexa profesor/a doutor/a con vinculación permanente á USC.

ARTIGO 19. Competencias da dirección do Departamento

1. Son competencias da dirección do Departamento:

- a) A convocatoria e a presidencia do Consello do Departamento.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello do Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello do Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao Reitor/a do nomeamento de Secretario/a do Departamento.
- f) O nomeamento dos/as Coordinadores/as das Áreas.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdese a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

CAPÍTULO III

O SECRETARIO OU SECRETARIA

ARTIGO 20. O Secretario ou a Secretaria

1.- O Secretario ou a secretaria do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o Director ou lle encomende a lexislación ou estes estatutos.

- 2.- O Secretario/a será nomeado polo Reitor, tras a proposta do Director/a, entre o profesorado, os axudantes e os funcionarios dos subgrupos A1 e A2 Departamento con dedicación a tempo completo.
- 3.- O Secretario/a cesará por decisión do Reitor/a, logo de proposta do Director/a do Departamento ou a petición propia.
- 4.- Procurarase que, dentro do posible, haxa rotación no desempeño deste cargo entre as distintas áreas que compoñen o Departamento.

CAPÍTULO VII

ELECCIÓN DE DIRECTOR/A DE DEPARTAMENTO

ARTIGO 21. Cómputo de prazos e procedemento

1. Nas eleccións á Director/a de Departamento considéranse períodos inhábiles o de exames oficiais en toda a Universidade, os meses de xullo e agosto e os días dos meses de setembro anteriores ao inicio do curso académico, así como os de suspensión da actividade docente segundo o establecido no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.
2. Agás disposición contraria, os prazos sinalados por días neste regulamento computaranse en días hábiles e os sinalados por meses de data a data, excluindo os meses inhábiles, segundo o establecido na Lei 39/2015 de procedemento común das administracións públicas. Para o cómputo dos prazos, os sábados serán días inhábiles; cando un prazo termine en sábado prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.
3. En todo o non expresamente regulado por este regulamento en materia de procedemento, será de aplicación a Lei 39/2015 de procedemento común das administracións públicas e a Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.
4. Para todas as normas da elección do Director/a remítense ao regulamento electoral xeral da USC, toda vez que pode ser obxecto de modificacións afectando en consecuencia ao regulado neste regulamento.

ARTIGO 22. Convocatoria

1. A convocatoria para a elección de Director/a de Departamento deberá indicar polo menos as seguintes datas e prazos:

- a) Prazo de presentación de candidaturas, que non será inferior a sete días hábiles nin superior a quince.
- b) Proclamación provisional de candidatos/as.
- c) Prazo de reclamacións contra a proclamación provisional de candidatos/as, que non será inferior a tres días hábiles.
- d) Proclamación definitiva de candidatos/as.
- e) Data, lugar e hora da reunión do Consello do Departamento no que se efectuará a votación.
- f) Data e lugar da reunión do Consello do Departamento na que se procederá á segunda volta da votación, cando sexa necesaria. A segunda volta pode ter lugar na mesma reunión que a primeira, e nunca máis tarde que tres días despois desta.

2.- Os directores ou directoras de departamento serán elixidos/as polo seu Consello do Departamento nunha reunión convocada para tal efecto. O candidato que resulte elixido será nomeado polo Reitor/a. O nomeamento comunicarse ao Consello de Goberno e aos decanos/as e directores/as das facultades e escolas onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

3.- Serán candidatos a Director/a de Departamento os profesores/as doutores/as con vinculación permanente.

4. As eleccións convocaraas o Director/a do Departamento, coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato, e en calquera caso como mínimo un mes antes deste. No caso de incumprimento do dito deber, as eleccións serán convocadas polo Reitor/a. Se o Director do Departamento cesase por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao dito cesamento.

5. A reunión do Consello do Departamento ao que corresponda a elección na que se procederá á votación non poderá ser convocada antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas, nin despois de corenta e cinco días naturais dende a data de saída da convocatoria.

6. Se convocadas as eleccións a Director/a de Departamento non se presentara ningún candidato, ou se, concluído o proceso electoral, ningún resultara elixido, o Reitor resolverá, con carácter xeral, a continuidade en funcións do

anterior titular, que deberá convocar novas eleccións no prazo máximo de tres meses.

ARTIGO 23. Da sesión para a votación

1. A presidencia da sesión do Consello do Departamento na que teñan lugar as votacións corresponderá ao seu Director/a titular en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura a Director de Departamento, será substituído na presidencia polo profesor/a presente na sesión máis antigo/a, de acordo co artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

2. No caso de que o Secretario/a presente a súa candidatura actuará como Secretario/a accidental o membro do órgano de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos para o desempeño do cargo.

3. Antes das votacións os candidatos/as poderán expoñer o seu programa.

ARTIGO 24. Votación

1. A votación realizarase do xeito que determine o/a Presidente/a, e en todo caso garantindo o secreto do voto e a seguridade do resultado. Cada elector poderá dar o seu voto a favor dun único candidato/a, votar en branco ou absterse. O voto poderá expresarse cunha cruz á beira do nome do candidato ou doutro xeito inequívoco.

ARTIGO 25. Sistema electoral

1.- No caso de concorrencia de máis dun candidato/a, as eleccións a órganos unipersoais no seo de órganos colexiados celebraranse de acordo co sistema de dobre volta. En primeira volta resultará elixido o candidato/a que obtivera máis da metade dos votos validamente emitidos polos membros do correspondente órgano colexiado. Se esta non se alcanza, procederase a unha segunda votación, que se poderá celebrar na mesma sesión ou, a máis tardar, no prazo dos tres días seguintes á primeira, entre os dous candidatos/as máis votados na primeira volta que manteñan a súa candidatura, resultando elixido o que obtivese a maioría simple de votos. No caso de empate na segunda votación, repetirase a mesma, e se se mantivese o empate darase preferencia a quen sexa máis antigo de acordo co artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

2. No caso dun único candidato/a, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato/a se obtén o 25% ou máis dos votos emitidos.

ARTIGO 26. Votos válidos, nulos e en branco

1. O voto exerceuse indicando inequivocamente a preferencia por un candidato/a. No caso de existir papeleta oficial, o/a elector/a marcará cunha cruz o recadro correspondente ao candidato/a ao que outorgue o seu voto.

2. Considérase voto nulo:

- a) O emitido en sobre ou papeleta diferente do modelo oficial.
- b) O emitido en papeleta sen sobre, cando este é preceptivo, ou o emitido en sobre que conteña máis dunha papeleta con distintos candidatos/as.
- c) O emitido en papeleta na que conste un número de marcas superior ao número máximo de candidatos/as que o elector/a poida votar.
- d) O emitido en papeleta con rascaduras, emendas, modificacións ou calquera outro tipo de alteración que impida coñecer con claridade a efectiva vontade do elector/a. De ser o caso, a nulidade só afectará ao nome ou nomes respecto aos que se suscite a dúbida.
- d) O emitido en sobre con signos externos de recoñecemento.
- e) O voto no que se conteña calquera outra expresión allea ao voto.

4. Considérase voto en branco, pero válido:

- a) O emitido en sobre que non conteña papeleta.
- b) O emitido en papeleta ou papeletas que non conteñan indicación a favor de ningún dos candidatos/as que permita coñecer a preferencia do votante.
- c) O voto a unha candidatura legalmente retirada.

5. No suposto de que o sobre conteña máis dunha papeleta a favor do mesmo candidato/a, computarase como un só voto válido. No caso de que xunto a unha papeleta adecuadamente cuberta o sobre conteña outra ou outras en branco, entenderase que a papeleta cuberta é válida e non se terán en conta as restantes.

ARTIGO 27. Moción de censura

1. O Director/a do Departamento pode perder a súa condición pola adopción, por maioría absoluta, dunha moción de censura. A moción de censura deberá ser proposta polo menos por un terzo dos membros do Consello do Departamento e terá que incluír un candidato/a alternativo.

2. Se a moción de censura non fose aprobada, os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

TITULO III

DA DOCENCIA

ARTIGO 28. Da docencia

O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade e será o responsable da docencia das materias establecidas nos programas de estudio que os centros lles encarguen, de conformidade coa normativa aprobada polo Consello de Goberno para a organización docente prevista no artigo 138 des estatutos da USC.

O Consello do Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá:

- a) Promover como un dos seus obxectivos fundamentais unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudantado e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.
- b) Fixar o programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do profesorado.
- c) Determina-las actividades esixidas polos planos de estudio.
- d) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia.
- e) Distribuír e asigna-las tarefas docentes entre o profesorado.
- f) Resolver calquera outra cuestión que esixa a normativa da USC ao respecto.

A distribución das obrigas docentes deberá contemplar a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.

O Departamento apoiará a posta en marcha de actividades na procura dunha mellora continua da calidade da docencia e da formación continua dos seus membros.

TÍTULO IV

DA INVESTIGACIÓN

ARTIGO 29. Da investigación

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación. A tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento dunha investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación.
2. A investigación é un deber e un dereito do persoal docente e investigador, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.
3. O Departamento fomentará a constitución ou integración en grupos e redes de investigación nos que participen os seus investigadores. As relacións entre o Departamento e os grupos de investigación nos que participen os seus membros se acomodarán a normativa que a tal efecto aprobe o Consello de Goberno da USC.
4. O Departamento fomentará a presentación de proxectos de investigación de forma institucional ou a título persoal do persoal docente e investigador adscrito do mesmo nas distintas convocatorias dos organismos públicos e privados, nacionais ou internacionais encargados de financiar a investigación, e colaborará na súa formalización
5. O Departamento, a nivel institucional, e seu persoal docente e investigador, poderá promover contratos con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, e mailo desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento, acordos coas normas e procedementos establecidos pola USC.
6. O Departamento manterá un rexistro actualizado da produción científica e de todos aqueles eventos relacionados coa actividade investigadora realizada polos seus membros no Departamento para o que os seus profesores deberán remitir anualmente a información precisa.

TÍTULO V

DO REXIME ECONOMICO

ARTIGO 30. Do orzamento

Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o Director/a elaborará e presentará ó Consello do Departamento para súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.

ARTIGO 31. Da memoria anual

Finalizado o exercicio económico anual a dirección renderá conta ao Consello do Departamento da execución do orzamento coa presentación dunha memoria económica.

TÍTULO VI

DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 32. Da iniciativa

A iniciativa para a reforma do presente Regulamento deberá ser subscrita alomenos polo 25% dos membros do Consello do Departamento e deberá ser dirixida a dirección do mesmo mediante un escrito que deberá incluír o obxecto da reforma, o seu fundamento e o texto alternativo articulado que se propón ou, polo menos, as materias acerca das que se exerce e os preceptos cuxa reforma se propugna.

ARTIGO 33. Procedemento de Reforma do Regulamento

1. Unha vez admitida a trámite a proposta de Reforma, será comunicada a mesma e o texto alternativo a todos os membros do Consello do Departamento para que poida ser examinado e presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles.

2. O proxecto de Reforma e as emendas presentadas polos membros do Consello debateranse nunha sesión extraordinaria do Consello do

Departamento convocada para tal efecto nun prazo máximo dun mes natural, a contar desde a presentación da iniciativa de Reforma.

ARTIGO 34. Aprobación da Reforma do Regulamento.

1. Para a aprobación do proxecto de reforma requírese a maioría absoluta dos membros do Consello do Departamento.

2. O proxecto de Reforma do Regulamento é aprobado polo Consello do Departamento, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.- Corresponderá ao Consello do Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación

SEGUNDA.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogado os RRI anteriormente vixentes dos Departamentos de Filoloxía Clásica e do Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de goberno da USC.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/05/2020 21:09:29.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/05/2020 21:06:10.

CSV: 661A-8CF2-4A76-960C